



Concello de Guitiriz

DECRETO RESOLUCIÓN PROCESO SELECTIVO DE 1 ADMINISTRATIVO/A FUNCIONARIO DE CARREIRA MEDIANTE CONCURSO (ESTABILIZACIÓN DE EMPREGO TEMPORAL). Expte. 449/2022

Dona María Sol Morandeira Morandeira, alcaldesa do Concello de Guitiriz, en uso das súas atribucións legalmente conferidas.

Vistos os seguintes antecedentes que constan no expediente:

- Acordo da Xunta de Goberno Local de data 16/11/2022 polo que se aproban as bases da convocatoria para a selección dun administrativo/a funcionario/a de carreira mediante concurso dentro do proceso de estabilización de emprego temporal.
- No BOP da provincia de Lugo de data 1/12/2022 foron publicadas integramente as bases da convocatoria e posterior corrección de erros publicado no BOP de data 16/12/2022 . Os anuncios da convocatoria publicáronse no DOG nº 235 de 13 de decembro de 2022 e no BOE de 28 de decembro de 2022.
- Decreto da alcaldía de data 30/01/2023 polo que se aproba a lista provisional de admitidos e excluídos. Devandita lista foi publicada no BOP de Lugo de data 15/02/2023.
- Decreto da alcaldía de data 16/03/2023 aprobando a lista definitiva, designando os membros do tribunal e a data de constitución do tribunal para a valoración dos méritos dos aspirantes.
- Actas do tribunal de data 20/03/2023 e de data 24/04/2023 coa proposta definitiva do tribunal a Sra. Alcaldesa para que proceda a resolución do expediente de selección de persoal e o nomeamento como persoal funcionario de carreira a:

Nome e Apelidos	DNI
Eva María Carro Sanchez	33324934G

Considerando o disposto no Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, aprobado por RDL 5/2015, de 30 de outubro; a Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido de disposicións vixentes en materia de réxime local; a Lei 2/2015, do 29 de abril, de Emprego Público de Galicia, e demais normativa concordante.

Considerando o establecido nos artigos 21.1 h), da Lei 7/1985, de 2 de abril de Bases do Réxime Local, e 61.1h) da Lei 5/1997 de Administración Local de Galicia, que atribúen á Alcaldía a xefatura superior de todo o persoal.

RESOLVO:

PRIMEIRO.- Resolver o proceso de selección de un administrativo/a como funcionario/a de carreira mediante concurso dentro do proceso de estabilización de emprego temporal convocado por acordo de Xunta de Goberno Local de data 16/11/2022, de acordo coa proposta do Tribunal Cualificador de data 24/04/2023:

Concello de Guitiriz

Rúa do Concello nº4, Guitiriz. 27300 (Lugo). Tfno. 982370109. Fax: 982372178





Concello de Guitiriz

Nome e Apelidos	DNI
Eva María Carro Sanchez	33324934G

SEGUNDO.- Outorgar un prazo de vinte días naturais, contados dende o día seguinte a aquel no que se fixese pública a lista de aprobados, a aspirante seleccionada para presentar na Secretaría do Concello os documentos esixidos na base oitava da convocatoria, agás os que xa obren no expediente.

Se dentro do prazo sinalado, agás nos casos de forza maior, non presentase a documentación esixida, non poderá ser nomeada, sen prexuízo da responsabilidade en que houberen podido incorrer por falsidade da solicitude de participación.

Presentada a documentación procederase a ditar resolución da alcaldía co nomeamento da aspirante, previo informe de fiscalización da intervención.

TERCEIRO.- Notificar a presente resolución ás persoas interesadas, comunicala aos servizos municipais afectados aos efectos oportunos, e publicala no taboleiro de anuncios, na paxina web municipal e na sede electrónica.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

A alcaldesa

Marisol Morandeira Morandeira

O Secretario (asinado aos efectos do artigo 3.2 do RD 128/2018)

Pablo Portela Fernández

Concello de Guitiriz

Rúa do Concello nº4, Guitiriz. 27300 (Lugo). Tfno. 982370109. Fax: 982372178

